

E. SAAVEDRA CASTRO IMPRESIÓN GALEGAS

Enrique Saavedra Castro nace en Madrid en 1913. Inicia os seus estudos musicais no Conservatorio e na Banda de Música de Badajoz. En 1929 ingresa no Conservatorio Nacional de Música e Declamación de Madrid, onde estuda ata o ano 1936 e obtén grandes resultados académicos.

En 1941 consegue o emprego de músico de primeira na Banda de Música da Escola Naval Militar de Marín (Pontevedra), o que lle conduce a fixar a súa residencia definitiva en Galicia, a súa segunda patria. No ano 1971 pasa á situación de retirado e dedica o seu tempo á composición musical e ao ensino privado ata o seu falecemento en Pontevedra en 1995.

En 1980, a Banda de Música da Escola Naval Militar de Marín, dirixida polo comandante D. José Vereá Montero, realiza a estrea da suite para banda "Impresiones Galegas" no auditorio da Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra. Igual que o seu suite para orquestra O Camiño de Santiago, esta tamén se estrutura en cinco cadros. O primeiro deles, Abertura, consiste na transcripción para banda do quinto cadro da suite orquestral. O segundo movemento, Bruxas, é a transcripción do terceiro cadro orquestral. Os restantes movementos (Rías Baixas, Alborada e Festa, e Brincadeira) non proceden da suite orquestral. **Fantasia para banda** foi escrita en 1956 e non se ten noticia da súa estrea. Utiliza temáticas procedentes da súa **Fantasia-Concierto para piano y pequeña orquesta**, escrita probablemente entre 1951 e 1954.

Aínda que as pequenas pezas **La bayadera rota**, **Cuento de Hadas**, **La niña impedida** e **Cadetes y bailarinas** foron atopadas por separado entre os manuscritos de traballo do autor, cremos posible que, pola súa temática común, a intención do mestre fose agrupalas nunha obra común, á que decidimos titular **Suite sobre juegos infantiles**.



**JAVIER
VICEIRO-FILGUEIRA**
(director)

Nacido en Pontevedra, realiza a súa formación no Conservatorio Superior de Música de Vigo, no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid e na Zuid-Nederlandse Hogeschool voor Muziek de Maastricht (Holanda).

Entre 2001 e 2005 realiza os seus estudos de Master en "Wind Orchestral Conducting" (2003) có maestro Jan Cober (Holanda) e os estudos de Master en "Symphonic Orchestral Conducting" (2005) cós maestros Jan Stulen (Holanda) e Edmond Saveniers (Bélgica). Tamén estudou dirección de orquestra con Josep Pons (España) e Ernst Schelle (Suiza). Ten colaborado como director convidado coa Orquestra Sinfónica de Galicia, a Orquesta Ciudad de Granada, a Arka Symfonie Orkest (Maastricht, Holanda), a Orquestra de Cordas do Proxecto Erasmus-Mundus (Trento-Italia 2010), a Banda Municipal de A Coruña, a Banda Municipal de Santiago de Compostela, etc.

Ten dirixido diversos programas do repertorio sinfónico-coral en colaboración có Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia, o Orfeón "Terra a Nosa" de Santiago de Compostela, o Coro da Academia de Música de Viana do Castelo (Portugal), o Coro Universitario de Vigo, o Coro da Universidade do Minho (Braga, Portugal) e a Coral Polifónica de Pontevedra.

Na actualidade dirixe a Orquestra Filarmónica Cidade de Pontevedra, a Arte Sinfónica - Orquestra da Escola Profesional de Música de Viana do Castelo (Portugal), o Ensemble do Taller de Composición do Conservatorio Superior de Música de Vigo e é Profesor Principal da European Academy for Wind Band (Fornos de Algodres, Portugal). Así mesmo, atópase cursando os estudos correspondentes ao Programa Doutoral (especialidade en Dirección de Orquestra) do

Departamento de Comunicación e Arte da Universidade de Aveiro (Portugal).

PROGRAMA

**ESCRITURA PARA BANDA DE ENRIQUE
SAAVEDRA CASTRO**
(Madrid 1913 - Pontevedra 1995)

I PARTE

IMPRESIONES GALLEGAS (1980)¹

I.- Abertura

II.- Bruxas

III.- Rías Baixas

IV.- Alborada e Festa

V.- Brincadeira

II PARTE

FANTASÍA PARA BANDA (1956)*

SUITE SOBRE JUEGOS INFANTILES*

I.- La bayadera rota

II.- Cuento de Hadas

III.- La niña impedida. Scherzo

IV.- Cadetes y bailarinas (Muñecos)

- Kadri-Türkmen, escena oriental (1951)*

- Vilanoviña (1968)

- Cara de gitana (1954)

* Estrea absoluta

¹ Revisión de Joám Trillo Pérez

Nota: polo ben de todos prégase desconecten os móbiles durante o tempo do concerto. Grazas



PLANTILLA BMMC

Flautas: Flora Dopico, Adrián Silva

Oboes: J. Manuel Abal, J. Antonio Neira

Fagotes: Gezim Malaj, David Novelle

Requinto: Marcos Represas

Clarinetes: Pablo Álvarez, Jorge García,
Oscar González, José Padín, José J. Pérez,
Alberto Piñeiro, Jesús Sánchez, F. Javier Vidal

Clarinete bajo: Joaquín Meijide

Saxo alto: J. Ángel Presa, J. Luis Represas (subdirector)

Saxo tenor: J. Ramón Rodríguez

Saxo barítono: Juan C. Mazás

Trompas: Gloria Cupeiro, Pedro Pintos, José L. Silva

Trompetas: Miguel Brea, Bernardo Landrove,
Roberto Verde

Fliscornos: Marcos Fernández, Guillermo Sabaris

Trombones: Iván Carreira, Carlos Figueira, Juan Gestal

Bombardinos: Lorenzo Castro, J. Orentino Sueiro

Tubas: Alfredo López, Miguel Rodríguez

Violonchelos: Víctor R. Cardoso, Ilia Keilin

Contrabajos: Adolfo Alemany, Simón García

Timbales e percusión: Antonio Agra, Vidal Martínez,
Francisco Vecino

VINDEIROS CONCERTOS

ÁGORA

9 de xuño - 20.00 h

Presentación do cd The wind Factor

Solista: Xocas Meijide

Director: Andrés Valero-Castells

PALACIO DA ÓPERA

21 de xuño

Director: Andrés Valero-Castells

ÁGORA

25 de xuño - 20.00 h

Homenaxe ao Rock

Director: Andrés Valero-Castells

29 de xuño - 20.00 h

Homenaxe aos directores da BMMC

Director: Andrés Valero-Castells

PALACIO DA ÓPERA

15 DE MAIO - 12.15 H.

DIRECTOR CONVIDADO:

JAVIER VICEIRO-FILGUEIRA

**CONCERTO
EXTRAORDINARIO**



Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en banda@coruna.es

